


Datos moi importantes antes de comezar:

- **Son actividades para facer en familia.** Polos ingredientes e procedementos dalgúns experimentos debemos estar baixo a vixilancia de adultos.
- **O máis importante é desfrutar do proceso.** Non pasa nada se o resultado non é satisfactorio, só é unha oportunidade máis de activar o noso razoamento lóxico e pensar en que puido saír mal e como se pode solucionar. Se considerades que non ten solución, sempre podedes comezar de novo cambiando os aspectos que consideredes oportunos. Imaxinación ó poder!!
- **CONSELLO:** se ides usar colorantes recomendamos os que son líquidos. Se tedes os que son tipo xel é mellor que os disolvades en auga primeiro.



A DIVERTIRSE!!!

LAPIS QUEBRADO

Para partir un lapis sen rompelo precisaremos:

Vaso



Lapis



Auga



É do máis sinxelo, so hai que encher o vaso con auga ata a metade e introducir o lapis dentro. Se deixas o lapis dentro do vaso podes ver que parece que está partido. Tamén podes movelo a un lado e a outro dentro do vaso, poñelo recto e inclinalo para observar os cambios.

Agora podes botar un pouco de aceite corporal ou vexetal enriba da auga, un dedo máis ou menos será suficiente, e volve a mover o lapis. Podes observar que agora parece quebrado por varias partes.



Se queres podemos seguir. Engade unha capa de alcol enriba do aceite e repite o mesmo procedemento.

Por cantos sitios está partido agora o lapis?


DEBUXOS QUE FLOTAN

Para facer flotar un debuxo necesitas:

Prato fondo

Rotulador de pizarra

Auga



Usamos o rotulador para facer pequenos debuxos, o mellor é que os trazos estean unidos. A continuación botamos auga arredor dos debuxos que irán levantándose do prato e flotarán na auga. Se tes unha pipeta para botar a auga amodo xenial, se non podes ir pouco a pouco cubrindo os bordes do debuxo ata que se levante de todo.

FLORES DE CORES

Seguro que cando vas de paseo ou no xardín ves moitas flores de distintas cores, pero que che parece se colles unha branca e lle pos a cor que máis che guste? So precisas:

Flores brancas

Colorantes

Vasos



Primeiro hai que cortar as flores polo talo, canto máis abaixo mellor. Pídelle axuda a un adulto e cunhas tesoiras ou unha folla de afeitar corta o talo en ángulo para que absorba ben a auga. Agora enche o vaso de auga ata a metade aproximadamente e bótalle o colorante que máis che guste, cantas máis pingas de colorante máis intensa será a cor. Deixa a flor no vaso un par de días e colócaa onde teña luz natural.

FLORES DE PAPEL

Non so imos facer flores de papel, tamén imos facer que florezan. E para iso precisamos:

Papel


Tesoiras

Prato

Auga



Debuxamos unhas flores no papel, podeades facelas con círculos e logo engadirille os pétalos ou tamén debuxar figuras xeométricas como pentágonos ou hexágonos e facer un triángulo en cada lado a modo de pétalos. Agora dobramos os pétalos cara dentro para pechar a nosa flor. Bótalle auga ó prato e coloca a flor na auga. Verás como a flor se vai abrindo pouco a pouco.



Espero que disfrutedes moito destes experimentos

Unha aberta familia